

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 3 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022, que serán susceptibles de financiamento no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento TU403A).

A Axencia Turismo de Galicia créase en virtude da autorización contida na disposición adicional cuarta da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, como unha axencia pública autonómica, que terá como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

O artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula o fomento do turismo mediante a elaboración, pola Administración da Xunta de Galicia, de programas para potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan acadar, unha serie de obxectivos, entre os que se atopa a diversificación da oferta turística, co impulso da segmentación mediante o apoio ao desenvolvemento, entre outros, do turismo de reunións.

Por outra parte, a Estratexia do turismo de Galicia 2020 plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, e aborda as necesidades dos axentes dos distintos ámbitos do sector turístico galego; entre eles, o de reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado.

En consecuencia, con cargo aos créditos da Axencia Turismo de Galicia asignados para esta finalidade, e consonte o establecido sobre as medidas de fomento no artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, e o sinalado no artigo 95 da dita lei; tendo en conta, ademais, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, e de conformidade coa competencia conferida polo artigo 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro,



RESOLVO:**1. Convocatoria e bases reguladoras.**

1.1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións que fomenten e promociónen a actividade congresual en Galicia, e proceder á súa convocatoria para os anos 2021-2022 (código de procedemento TU403A).

1.2. As actuacións subvencionables con cargo a estas axudas poderán ser cofinanciadas a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), caso en que deberán cumprirse as obrigas específicas e demais disposicións que se establecen ao respecto nestas bases reguladoras.

2. Solicitudes.

2.1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 6 das bases reguladoras.

2.2. As solicitudes deberán presentarse na forma e no prazo establecidos no artigo 5 das bases reguladoras.

3. Financiamento e tramitación anticipada.

3.1. A convocatoria realízase con cargo ás aplicacións orzamentarias previstas nos orzamentos de gastos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2021, segundo se establece no artigo 26 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e coa desagregación establecida no artigo 3 das bases reguladoras.

3.2. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2021.



Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Fazenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4. Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Información ás persoas interesadas.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia: <http://www.turismo.gal/canle-profesional/promocion-do-sector/axudas-e-subvencions>.

b) Páxina web <https://sede.xunta.gal/portada>, e introducindo no buscador o código de procedemento.

c) Os teléfonos 981 54 63 60 e 981 54 63 64.

d) Enderezo electrónico fomento.turismo@xunta.gal.

6. Réxime de recursos.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

7. Base de datos nacional de subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021

María Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia, que serán susceptibles de financiamento no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento TU403A)

Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades promotoras de congresos, seminarios, convencións ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións que fomenten e promociónen a actividade congresual e que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para estes efectos, só serán subvencionables aqueles eventos en que os participantes pernoiten, polo menos, unha noite na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As actuacións subvencionables con cargo a estas axudas poderán ser cofinanciadas a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), caso en que deberán cumprirse as obrigas específicas e demais disposicións que se establecen ao respecto nestas bases reguladoras.



Artigo 2. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables os derivados daqueles programas ou actividades que promovan o intercambio e a difusión de saberes mediante a organización de congresos, seminarios, convencións ou calquera outro evento relativo a calquera área de coñecemento que se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En calquera caso, para os efectos previstos nestas bases, son gastos subvencionables os que respondan á natureza e obxecto da actividade subvencionada e se realicen desde o 1 de abril de 2021 ata o 31 de outubro de 2022, en concreto terán a consideración de gastos subvencionables:

– Gastos de secretaría técnica do evento: coordinación do evento, convocatoria e rexistro de asistentes, protocolo.

– Gastos directos dos conferenciantes, tales como viaxes, axudas de custo, manutención, aloxamento e transporte interno.

– Gastos de sede e equipamento como: alugamentos de locais, salóns, carpas e similares; sede de congresistas e relatores; iluminación, megafonía e servizos audiovisuais; rotulación exterior e interior do evento, paneis e carteis indicativos.

– Gastos de persoal ao servizo do evento como: servizo de azafatas, tradución simultánea, presentadores/condutores para o evento, contratacións artísticas, guías turísticos ou similares.

– Gastos de produción e comunicación como: imaxe e creatividade do evento e as súas adaptacións, web do evento, plataformas dixitais ou virtuais para a súa difusión e/ou emisión, apps específicas para o evento, material promocional en calquera soporte, publicidade, memorias e similares.

– Servizos operativos propios do evento: traslados asistentes, almozos de traballo...

Calquera outro gasto relativo ás actividades e servizos incluídos no programa do evento: as actividades complementarias, así como os servizos de protocolo e atención aos participantes (programa social, cóctel benvida, cea de gala ou similares) non poderá supoñer un gasto maior do 15 % do total do orzamento subvencionable. Porén, non resultarán subvencionables os agasallos ou obsequios aos participantes nin aos conferenciantes.



3. Non serán gastos subvencionables aqueles gastos ordinarios de funcionamento da entidade non relacionados directamente co desenvolvemento dos congresos, seminarios e convencións que se celebren en Galicia, así como os gastos excluídos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O IVE só será subvencionable cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade beneficiaria da subvención, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A Axencia Turismo de Galicia facilitará material promocional de Galicia ás entidades organizadoras, e que resulten beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases, que así o soliciten, para o que deberán cubrir o anexo VII, e ata esgotamento de existencias.

Artigo 3. *Financiamento e concorrencia*

1. As subvencións relativas ao obxecto desta resolución imputaranse á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.770.0, proxecto 2015 00005, cun crédito de 200.000 € para a anualidade 2021 e de 450.000 € para a anualidade 2022, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, de conformidade co disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 12.

2. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 relativo ás axudas *de minimis*, deberase garantir que, no caso de recibir as persoas beneficiarias outras axudas baixo este réxime *de minimis*, non se supera o límite de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

3. Estas axudas son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



4. De conformidade co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez esgotado o crédito dispoñible poderá ampliarse este cando o aumento veña derivado dalgunha das condicións previstas no dito artigo.

5. Estas axudas poderán ser cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Artigo 4. *Beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

a) As universidades ou organismos públicos de investigación, a través dos seus centros, institutos, departamentos, seccións u outras unidades de investigación.

b) As sociedades científicas legalmente constituídas, colexios profesionais e outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, dotadas de personalidade xurídica propia, agás as entidades locais.

c) As empresas ou sociedades privadas que organicen especificamente congresos, reunións, xornadas técnicas, eventos, presentacións, incentivos, etc.

2. Para os efectos desta convocatoria, enténdese por promotor a entidade que promove o evento, deseñándoo, conceptualizándoo e creándoo, mentres que o organizador é a entidade que executa, organiza e xestiona directamente o evento (OPC, axencia organizadora, etc.).

As figuras de promotor e organizador poden recaer na mesma entidade ou ser entidades diferentes. No suposto de que sexan entidades diferentes, só o promotor poderá solicitar a subvención como entidade beneficiaria desta. Neste caso, a entidade organizadora poderá actuar en representación da entidade promotora, xuntando a documentación exixida no artigo 6.1.c).

3. Requisitos das entidades beneficiarias:

a) Estar constituídas de conformidade coa normativa vixente, e ao día das súas obrigas tributarias (facenda estatal e autonómica) e de Seguridade Social.



b) Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

c) Os requisitos para ser beneficiario deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 5. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.



Artigo 6. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Proxecto para o que se solicita a subvención suficientemente detallado.

b) Orzamento desagregado por partidas no cal se especificará o importe da execución do proxecto ou actuación para o que se solicita a subvención, con indicación do IVE para cada partida, así como o seu carácter repercutible ou compensable para a entidade beneficiaria da subvención, de conformidade co anexo III.

c) No caso de que unha empresa organizadora profesional de congresos (organizador) ou similar actúe en nome en representación da entidade responsable final do evento (promotor) é preciso achegar o contrato de servizos entre esta e a institución que promove o congreso, evento ou reunión. Esta circunstancia terase en conta á hora de identificar claramente solicitantes de servizos e destinatarios titulares de correspondentes gastos facturables.

d) Memoria explicativa sobre o cumprimento dos criterios de valoración sinalados no artigo 12 e a documentación acreditativa correspondente.

e) Se é o caso, anexo VII.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo 1, a Axencia Turismo de Galicia poderá requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

7. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días e indicarlle que, se non o fai, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI/NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.



– Certificado de estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social, así como de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de inhabilitacións de subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar as certificacións de estar ao día nas citadas obrigas.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 9. *Órganos competentes*

A Xerencia de Turismo de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención e correnpóndelle á directora da Axencia Turismo de Galicia ditar a resolución de concesión.

Artigo 10. *Instrución do procedemento*

1. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. Para estes efectos, a Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial emitirá un informe por cada solicitude indicando que proxectos dos solicitados son subvencionables.

2. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 11. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, que a presidirá.

b) Vogais:

– Unha persoa en representación da Xerencia de Turismo de Galicia.

– Unha persoa en representación da Dirección de Competitividade de Turismo de Galicia.



– Unha persoa en representación da Dirección de Promoción de Turismo de Galicia.

c) O/a xefe/a da Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial, que actuará como secretario/a.

3. Os/as titulares, e os/as suplentes, de ser o caso, serán designados/as pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Artigo 12. *Criterios de valoración*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán por orde decrecente os seguintes, tendo en conta a valoración específica que se lle atribúe a cada un deles.

1. Os proxectos valoraranse ata 100 puntos de acordo cos seguintes criterios obxectivos de outorgamento:

A) Tipoloxía do evento e ámbito xeográfico do congreso (ata 45 puntos):

A.1. Tipo de congreso, evento ou reunión (ata 10 puntos):

Congreso: 10 puntos.

Outros: 5 puntos.

A.2. Ámbito xeográfico (ata 35 puntos):

– Ámbito internacional: 35 puntos.

– Ámbito nacional: 25 puntos.

– Ámbito autonómico: 15 puntos.

Para estes efectos, o evento considerarase de ámbito internacional cando entre os seus inscritos haxa polo menos un 40 % dos asistentes de, polo menos, tres países distintos. Se nun evento o 90 % dos inscritos son estranxeiros, poderán proceder de menos de 3 países e o evento manterá esta cualificación.



O solicitante deberá acreditar esta cualificación de carácter internacional do evento nas súas 2 últimas edicións.

O evento considerarase de ámbito nacional cando como mínimo o 60 % dos inscritos son españois e de diferente comunidade autónoma a aquela onde se celebre a reunión. Polo menos un 40 % deberá proceder de tres comunidades autónomas diferentes. Se un 90 % dos participantes son de orixe nacional (excluída a Comunidade Autónoma de Galicia) poderán proceder de menos de tres comunidades autónomas e manter a cualificación.

O solicitante deberá acreditar esta cualificación de carácter nacional do evento nas súas dúas últimas edicións.

No caso de non haber dúas edicións anteriores, a puntuación nesta epígrafe será cero.

B) Volume, temporalidade e data do evento (ata 25 puntos):

B.1. Volume da reunión (asistentes) (ata 10 puntos):

- Entre 601 e 1.000 asistentes: 10 puntos.
- Entre 301 e 600 asistentes: 7 puntos.
- Entre 151 e 300 asistentes: 4 puntos.
- Entre 50 e 150 asistentes: 2 puntos.

O solicitante deberá acreditar o número de asistentes reais do evento para o que se solicita a subvención nas dúas últimas edicións.

No caso de non haber dúas edicións anteriores, a puntuación nesta epígrafe será cero.

B.2. Temporalidade (mes de celebración) (ata 10 puntos):

Evento que se celebre nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, outubro, novembro e decembro: 10 puntos.

Evento que se celebre nos restantes meses do ano: 5 puntos.



B.3. Datas de celebración (ata 5 puntos):

Eventos de 3 días ou máis: 5 puntos.

Eventos de 2 días: 3 puntos.

C) Actividades complementarias (ata 5 puntos):

Por cada actividade complementaria que se organice que permita coñecer o destino e/ou alongar a estadía: 2 puntos.

D) Entidade solicitante e gastos xerais de funcionamento e/ou equipamento (ata 25 puntos):**D.1. Valoración da traxectoria da entidade solicitante (ata 10 puntos).**

Nesta epígrafe avaliarase a súa traxectoria segundo o número de eventos promovidos nos últimos 5 anos e o ámbito xeográfico destes:

a) De ámbito internacional: 5 puntos.

– Entre 1 e 3 eventos: 3 puntos.

– Máis de 3 eventos: 5 puntos.

b) De ámbito autonómico: 3 puntos.

– Entre 1 e 3 eventos: 2 puntos.

– Máis de 3 eventos: 3 puntos.

c) De ámbito local: 2 puntos.

– Máis de 3 eventos: 2 puntos.

D.2. Contar con sede (social ou fiscal), establecemento ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia: 10 puntos.

D.3. Achega de recursos propios para os gastos xerais de funcionamento e/ou equipamento (ata 5 puntos). Enténdese por recursos propios aqueles que a entidade destina



ao proxecto obxecto da subvención provenientes dos seus propios orzamentos e que non poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento nin sufragados coas cotas de participación no evento.

Achega dun 20 % ou porcentaxe maior: 5 puntos.

Achega dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.

Achega dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Menos dun 10 %: 0 puntos.

2. Os proxectos e actuacións poderán acadar unha subvención de ata o 100 % sobre o orzamento do investimento subvencionable, en todo caso o importe da axuda a cada entidade beneficiaria será dun máximo de 30.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre o investimento subvencionable calcularase con base na puntuación que acaden os proxectos presentados, segundo se detalla a seguir:

Puntos	% axuda	Importe máximo subvención
91-100	100 %	30.000 €
76-90	75 %	25.000 €
61-75	60 %	20.000 €
46-60	50 %	15.000 €
30-45	30 %	10.000 €
15-29	25 %	5.000 €

As solicitudes con puntuación inferior a 15 puntos non poderán obter subvención.

Se, por aplicación dos criterios de valoración, dúas ou máis solicitudes acadan igual puntuación e non existe crédito suficiente para atendelas a todas, priorizaranse aquelas solicitudes presentadas en primeiro lugar.

Terán o carácter de congreso ou evento virtual aquel que se desenvolva a través de medios tecnolóxicos na súa totalidade.

Artigo 13. *Audiencia e proposta de resolución*

1. Efectuada a avaliación, a comisión fará un informe co seu resultado, á vista do cal o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada



que deberá ser notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A proposta de resolución expresará de forma motivada a relación de proxectos para os cales se propón a concesión da axuda, coa identificación, en relación con cada proxecto, do beneficiario e importe e porcentaxe da subvención proposta. De ser o caso, contará cunha lista dos proxectos admitidos que non acadasen subvención polo esgotamento do orzamento dispoñible. Así mesmo, expresará, de xeito motivado, a relación de proxectos para os cales non se propón a concesión de subvención por falta de documentación ou por non reuniren os requisitos.

Artigo 14. *Resolución*

1. Examinadas as alegacións, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva e a elevará á directora da Axencia Turismo de Galicia.

2. A directora da Axencia, á vista da proposta de resolución, ditará no prazo de 15 días desde a súa elevación a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e na cal, en todo caso, quedarán debidamente xustificadas todos os aspectos contidos no artigo 34.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 15. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na



sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia Turismo de Galicia. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se é o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.



b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 17. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, as persoas beneficiarias poderán solicitar a modificación do seu contido antes de que remate o prazo para a realización da actividade.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención, as actuacións subvencionables e non dar lugar a actuacións deficientes e incompletas.

3. Xunto coa solicitude, as persoas beneficiarias deberán presentar: memoria xustificativa, orzamento modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

4. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Axencia Turismo de Galicia, logo da instrución do correspondente expediente en que se lles dará audiencia aos interesados nos termos previstos no artigo 13.

5. Cando as persoas beneficiarias da subvención poñan de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co



establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a persoa titular da Axencia ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da citada lei.

Artigo 19. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Cumprir o obxectivo e realizar a actuación subvencionada, de conformidade co proxecto presentado ou, se é o caso, ao modificado coa autorización da Axencia Turismo de Galicia.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Axencia Turismo de Galicia, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Estas comunicacións deberanse efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) As persoas beneficiarias deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable coa finalidade de garantir o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control, así mesmo deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.



f) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. Para tales efectos, o solicitante deberá achegar certificación de estar ao día nas citadas obrigas no caso de denegar expresamente que sexan solicitadas polo órgano xestor, de conformidade co disposto no artigo 5.1. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

g) As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

h) Igualmente, a persoa beneficiaria deberá incluír, nas súas accións promocionais, a marca turística de Galicia e a marca Xacobeo 2021. De ser o caso, na páxina web deberá inserir un *banner* cunha ligazón á páxina de promoción turística de Galicia. Nos folletos e noutras publicacións deberá incluír na contraportada a marca turística de Galicia e a marca Xacobeo 2021, seguindo as indicacións dos manuais de identidade corporativa das citadas marcas previstas nas páxinas web <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-galicia> e <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021>.

i) A facilitar datos, de forma periódica ou logo de requirimento da Administración turística galega, sobre a asistencia ao congreso, xornada, seminarios ou convencións.

j) Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no título I da citada lei.

k) As persoas beneficiarias quedan obrigadas a reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora devindicados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

– Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.



– Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta resolución.

– Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

– Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

– Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

– Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. Cando a actuación estea cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, son tamén obrigas das persoas beneficiarias das subvencións:

a) Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e control que deban efectuar os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.

d) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.



e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención.

f) Dispor de capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda.

g) Conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas cales estean incluídos os gastos da operación.

h) Segundo o establecido no artigo 15, ordinal 3º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda actividade, investimento ou material (incluído o que se difunda de maneira electrónica ou empregando medio audiovisuais) que se realice contando con financiamento obtido a partir destas axudas deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no anexo VIII destas bases, sobre o apoio procedente dos fondos Feder, recollidos no anexo XII, número 2, do Regulamento (CE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

i) Facilitar a recolla de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos tras a execución do proxecto subvencionable, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización.

Artigo 20. *Xustificación da subvención*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario terá que presentar nos lugares sinalados no artigo 5 destas bases, mediante a modalidade de conta xustificativa (conforme ao artigo 44 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), copia da documentación que a seguir se indica:

a) Solicitud de cobramento segundo o modelo do anexo V.

b) Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, participantes, visitas...

Deberá incluír fotos ilustrativas da actuación efectuada, da inclusión da marca turística de Galicia e da marca do Xacobeo 2021.



c) Memoria económica do custo das actividades realizadas que conterá:

c.1) Relación clasificada e ordenada dos gastos da actividade, con indicación do acreedor, número de factura, concepto do gasto, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Se é o caso, indicaranse as desviacións producidas no orzamento que serviu de base ao seu outorgamento. A dita ordenación deberá coincidir coa ordenación da documentación indicada na seguinte epígrafe.

c.2) Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, entendendo por tal calquera documento presentado para xustificar que a contabilidade reflicte a imaxe fiel da realidade.

As facturas presentaranse en orixinal e achegarase xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (extractos ou certificacións bancarias) debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No xustificante de pagamento constará o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

As facturas deben reunir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas *pro forma*, tickets cando sexa obrigatoria a expedición de factura, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

Unha partida do orzamento auxiliabile poderá xustificarse mediante unha ou varias facturas relativas aos conceptos de gasto incluídos na dita partida, sempre que a dita partida admita a desagregación en distintos conceptos.

En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior á establecida para presentar a xustificación.

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Se é o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



f) Anexo VI: modelo de declaracións.

g) No caso de que a actuación fose cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a documentación de ter realizado a publicidade axeitada (fotografías dos carteis informativos, publicidade a través de páxina web, exemplares da documentación escrita, etc.) que xustifique ter dado cumprimento ás obrigas establecidas no anexo VIII, sobre o apoio procedente dos fondos Feder, recollidas no anexo XII, número 2, do Regulamento (CE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e segundo o modelo que se establece no anexo VIII que se xunta ás presentes bases reguladoras.

2. Establécense os seguintes prazos de xustificación das axudas concedidas:

– Se o proxecto ou actuación subvencionada se executa entre o 1 de abril de 2021 e o 31 de outubro de 2021, o prazo de xustificación rematará o 15 de novembro de 2021.

– Se o proxecto ou actuación subvencionada se executa entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022, o prazo de xustificación rematará o 15 de novembro de 2022.

3. Os gastos xustificables deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas na resolución de concesión da subvención e responder, de xeito indubidable, á natureza da actividade subvencionada. Sen necesidade de instar procedemento de modificación da subvención, a Axencia Turismo de Galicia poderá aceptar variacións nas partidas de gasto aprobadas, coa condición de que as variacións non superen en conxunto o 20 % do orzamento, que non aumente o importe total do gasto aprobado, que non desvirtúen as características do proxecto e condicións que foron tidas en conta para a resolución de concesión.

Se o beneficiario xustifica conceptos e elementos subvencionables aprobados que representen menos do 60 % do importe da actuación subvencionable entenderase que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, perderá o dereito de cobramento da subvención. Se a xustificación é superior ao 60 %, pero sen acadar o 100 % do investimento subvencionable, o beneficiario percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificable admisible, sempre que cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se concedeu a axuda.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da



subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na normativa reguladora da subvención.

Artigo 21. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Axencia, antes de proceder ao seu pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración, debidamente xustificada pola entidade beneficiaria, non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

2. Previamente ao pagamento deberá acreditarse que as persoas beneficiarias se atopan ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin son debedoras por resolución de procedencia de reintegro.

Para tales efectos, o solicitante deberá achegar as certificacións de estar ao día nas citadas obrigas no caso de denegar expresamente que sexan solicitadas polo órgano xestor, de conformidade co disposto no artigo 6.2. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que as persoas beneficiarias teñen débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

Artigo 22. *Subcontratación*

As entidades beneficiarias das subvencións establecidas nestas bases, como entidades executoras das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada exe-



cución, comprométense a asumir a dirección técnica e, en consecuencia, deberán proceder á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, se é o caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos en que teñan que incurrir as entidades beneficiarias para a realización por si mesmas das actividades subvencionadas.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e en ningún caso suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.



Artigo 23. Incumprimento, reintegros e sancións

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos, a cantidade que hai que reintegrar responderá ao principio de proporcionalidade e determinarase aplicando os mesmos criterios de avaliación que se empregaron para a concesión referidos á realidade finalmente comprobada.

4. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Reintegro das axudas no caso de non manter as condicións establecidas nestas bases cando as actuacións fosen cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional:

a) Suporá a perda dun 2 % da subvención concedida non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con fondos Feder.

b) Suporá a perda dun 2 % da subvención concedida non dar publicidade ao financiamento dos investimentos que sexan obxecto de subvención, de acordo co establecido nestas bases.

c) Suporá a perda dun 5 % non comunicar ao Inega a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a



modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, unha vez recalculada e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

d) Suporá a perda da subvención de forma proporcional ao período en que se incumpra o requisito de non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período de tres ou cinco anos (segundo o tipo de empresa beneficiaria).

e) Suporá a perda da subvención, cando se trate de operacións que comprendan investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos se, nos dez (10) anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, a actividade produtiva se somete a unha relocalización fóra da Unión (excepto cando o beneficiario sexa unha peme) ou no prazo que determina a normativa de axudas de Estado.

No caso de condicións que constitúan obrigas que o beneficiario debe acreditar en fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a gradación fixada neste punto só resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso en que se detecten en controis posteriores ao pagamento dalgún incumprimento relativo a esas obrigas.

Artigo 24. *Control*

1. A Axencia Turismo de Galicia poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 25. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.



Igualmente, será aplicable o réxime de publicidade establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os interesados poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións, que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo, a solicitude para ser beneficiario da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Ademais, no caso de que as actuacións fosen cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 na súa condición de organismo intermedio en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.

A aceptación da axuda implica ademais, no caso de que as actuacións fosen cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a aceptación da inclu-



sión do beneficiario na lista de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 no seguinte sitio web: <https://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.aspx>.

Artigo 26. *Medidas antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para efecto: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>.

Artigo 27. *Remisión normativa*

É de aplicación o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

En materia de normativa comunitaria, é de aplicación:

a) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

c) Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.



d) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

e) Normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.




XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 XUSTIZA E TURISMO

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCIONS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO RELATIVO AO TURISMO DE REUNIONS EN GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TU403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>
 Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
 Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos concedidos ou solicitados:

Non se solicitou nin se recibiu ningunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

Si se solicitaron e/ou recibiron outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que, en relación con outras axudas *de minimis* concedidas ou solicitadas:

Non se solicitou nin se recibiu ningunha outra axuda *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

Si solicitaron e/ou recibiron outras axudas *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)


3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: k4k51g12-5090-asv4-kle9-enmqtiqy54p3





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO II
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

No caso de que a actuación estea cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ademais:

8. Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
9. Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.
10. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.
11. Que conta cun sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.
12. Que vai conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación, ou dous anos no caso de operacións con un gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 euros, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída (art. 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- | |
|---|
| <input type="checkbox"/> Proxecto para o que se solicita a subvención |
| <input type="checkbox"/> Orzamento desagregado por partidas en que se debe especificar o importe da execución do proxecto, de conformidade con anexo III |
| <input type="checkbox"/> Contrato de servizos entre a empresa organizadora profesional de congresos e a institución que promove o congreso, evento ou reunión para a súa organización, no caso de que o solicitante sexa unha empresa organizadora profesional de congresos (OPC) |
| <input type="checkbox"/> Memoria explicativa sobre o cumprimento dos criterios de valoración do artigo 12 das bases reguladoras |
| <input type="checkbox"/> Anexo VII, de ser o caso |

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>	<input type="checkbox"/>

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Turismo de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO II (continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 3 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022, que serán susceptibles de financiamento no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento TU403A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data


, de de



Axencia Turismo de Galicia



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
Unión Europea do Fondo Europeo

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO III
ORZAMENTO

TU403A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCIONS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO
RELATIVO AO TURISMO DE REUNIÓNS EN GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	IMPORTE TOTAL
Gastos secretaría técnica:			
coordinación do evento			
convocatoria			
registro asistentes			
protocolo			
Gastos directos dos conferenciantes:			
viaxes			
aloxamento			
manutención			
traslados			
honorarios			
Gastos de sede e equipamento:			
Alugamentos de salóns, locais, salas, carpas e similares, mobiliario e equipamento.			
Rotulación interior e exterior do evento, paneis e carteis indicativos e decoración.			
Instalación de posto de deseño: montaxe, desmontaxe e acondicionamento.			
Iluminación			
Megafonía			
Servizos audiovisuais: pantallas, proxectores vídeo, ordenadores, micrófonos (atril, solapa, mesa, dispositivo sen fíos...), saídas de vídeo/audio, servizo técnico.			
Equipamento para o servizo de tradución, montaxe técnica (cabinas, audioguías...)			
Acondicionamento da sala: escenografía, decoración, rotulación e adornos florais.			
Seguridade			
Limpeza			

CVE-DOG: k4k51g12-5090-asv4-kle9-enmqtiqy54p3





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO III (continuación)

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	IMPORTE TOTAL
Gastos de persoal:			
Servizo azafatas			
Tradutores			
Guías			
Moderadores/condutores do evento			
Animadores			
Gastos de produción e comunicación:			
Imaxe e creatividade do evento e adaptación a aplicacións			
Páxina web do evento, microsite específica, plataformas dixitais e virtuais, apps específicas para o evento, creación e mantemento			
Comunicación e publicidade: insercións/cuñas en medios de comunicación ordinarios (prensa escrita, radio, tv, redes sociais, blogs) e especializados			
Notas de prensa, comunicacións			
Fotografía e vídeo			
Imprenta e material promocional: trípticos, programas, cartelería, invitacións; material para congresistas (carpeta/maletín, credenciais...)			
Servizos operativos complementarios:			
Almorzos de traballo			
Pausas café			
Traslados			
Outros gastos do evento:			
Servizo de restauración social: cóctel/cea de benvida ou de clausura, persoal, enxoval e equipamento			
Programa social para congresistas acompañantes (visitas, excursións, animación...)			
Outros gastos (especificar)			
TOTAL			

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de




FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
Unión Europea

Axencia Turismo de Galicia

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario solo podrá presentarse en
<https://sede.xunta.gal> las formas previstas en su norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO IV

RENUNCIA

TU403A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCÍONS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO RELATIVO AO TURISMO DE REUNIÓNS EN GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

MANIFESTA:

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022, que serán susceptibles de financiamento no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento TU403A), con nº de expediente para o proxecto por unha contía de euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

Axencia Turismo de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO V
SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

TU403A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCIONS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO RELATIVO AO TURISMO DE REUNIÓNS EN GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Sendo beneficiaria dunha subvención concedida ao abeiro da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022, que serán susceptibles de financiamento no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento TU403A), con código de expediente

SOLICITA: Que se proceda ao pagamento da subvención concedida.

PRESENTA

A xustificación do investimento subvencionado, de acordo co establecido no artigo 20 das bases reguladoras establecidas na antedita resolución, coa finalidade da percepción dos fondos xustificadas

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, participantes, visitas... Deberá incluír fotos ilustrativas da actuación efectuada, da inclusión da marca turística de Galicia e da marca do Xacobeo 2021
- Memoria económica que contén:
 - Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada
 - Facturas e xustificantes de pagamentos
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia
- Os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ser caso
- Anexo VI: modelo de declaración
- Documentación de ter realizado a publicidade axeitada que xustifique que se deu cumprimento ás obrigas establecidas no anexo VIII, sobre o apoio procedente dos fondos Feder, no caso de que a actuación fose cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO V
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Turismo de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

 Xacobeo 2021



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

Axencia Turismo de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO VI
DECLARACIÓN

TU403A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCIÓNS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO RELATIVO AO TURISMO DE REUNIÓNS EN GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

--	--

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

--	--	--	--

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

	IBAN								
--	------	--	--	--	--	--	--	--	--

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

 2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.
- No caso de que a actuación estea cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ademais:**
8. Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
9. Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.
10. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.
11. Que conta cun sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.
12. Que vai conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación, ou dous anos no caso de operacións con un gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 euros, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída (art. 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO VI (continuación)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

 Xacobeo 2021



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

Axencia Turismo de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO


ANEXO VII

PETICIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL PARA EVENTO

TU403A - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCIONS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO RELATIVO AO TURISMO DE REUNIÓNS EN GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Denominación do evento:			
Sede:			
<input type="text"/>			
Celebración			
<input type="text"/>			
Ano	Mes	Días	Núm. definitivo de asistentes:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Material promocional:			
Enderezo de entrega:		Data límite de entrega:	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Persoa de contacto:		Teléfono	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Correo electrónico			
<input type="text"/>			
Seleccionar o material gráfico:			
A - Material turístico xenérico (INDÍCASE O CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN DO MATERIAL)			
• Folleto de presentación de Galicia (indicar as cantidades no idioma correspondente)			
<input type="checkbox"/> A01-Castelán	<input type="checkbox"/> A02-Inglés	<input type="checkbox"/> A03-Francés	<input type="checkbox"/> A04-Alemán
<input type="checkbox"/> A05-Italiano	<input type="checkbox"/> A06-Portugués	<input type="checkbox"/> A07-Polaco	<input type="checkbox"/> A08-Neerlandés
<input type="checkbox"/> A09-Chinés	<input type="checkbox"/> A10-Xaponés	<input type="checkbox"/> A11-Coreano	<input type="checkbox"/> A12-Galego
• Planos de rúas (da cidade onde se celebra o evento e indicar as cantidades)			
<input type="checkbox"/> A13-A Coruña	<input type="checkbox"/> A14-Ferrol	<input type="checkbox"/> A15-Lugo	<input type="checkbox"/> A16-Ourense
<input type="checkbox"/> A17-Pontevedra	<input type="checkbox"/> A18-Santiago de Compostela	<input type="checkbox"/> A19-Vigo	
• Rutas polos centros históricos (da localidade onde se realizará o evento) (indicar a localidade)			
<input type="checkbox"/> A20-Allariz	<input type="checkbox"/> A21-Baiona	<input type="checkbox"/> A22-Betanzos	<input type="checkbox"/> A23-Cambados
<input type="checkbox"/> A24-Castro Caldelas	<input type="checkbox"/> A25-Combarro	<input type="checkbox"/> A26-Corcubión	<input type="checkbox"/> A27-A Coruña
<input type="checkbox"/> A28-Ferrol	<input type="checkbox"/> A29-Lugo	<input type="checkbox"/> A30-Mondoñedo	<input type="checkbox"/> A31-Muros
<input type="checkbox"/> A32-Noia	<input type="checkbox"/> A33-Ourense	<input type="checkbox"/> A34-Pontevedra	<input type="checkbox"/> A35-Ribadavia
<input type="checkbox"/> A36-Santiago de Compostela	<input type="checkbox"/> A37-Tui	<input type="checkbox"/> A38-Vigo	
B - Material de promoción de temática turística específica que se poderá solicitar cando teña relación co obxecto do evento. (INDÍCASE O CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN DO MATERIAL)			
<input type="checkbox"/> B01-ES-Ruta da camelia	<input type="checkbox"/> B01-EN-Ruta da camelia	<input type="checkbox"/> B01-FR-Ruta da camelia	<input type="checkbox"/> B01-DE-Ruta da camelia
<input type="checkbox"/> B02-ES-Paseando entre viñedos	<input type="checkbox"/> B02-EN-Paseando entre viñedos	<input type="checkbox"/> B02-FR-Paseando entre viñedos	<input type="checkbox"/> B02-DE-Paseando entre viñedos
<input type="checkbox"/> B03-ES-Camiño de Santiago	<input type="checkbox"/> B03-EN-Camiño de Santiago	<input type="checkbox"/> B03-FR-Camiño de Santiago	<input type="checkbox"/> B03-DE-Camiño de Santiago
<input type="checkbox"/> B04-ES-Bosques de Galicia	<input type="checkbox"/> B04-EN-Bosques de Galicia	<input type="checkbox"/> B05-ES-Mananciais de Galicia	<input type="checkbox"/> B05-EN-Mananciais de Galicia
<input type="checkbox"/> B06-ES-Santuarios máxicos	<input type="checkbox"/> B06-EN-Santuarios máxicos	<input type="checkbox"/> B07-ES-Top Ten	<input type="checkbox"/> B07-EN-Top Ten
<input type="checkbox"/> B08-ES-Faros e praias salvaxes	<input type="checkbox"/> B08-EN-Faros e praias salvaxes	<input type="checkbox"/> B09-ES-Patrimonio oculto	<input type="checkbox"/> B09-EN-Patrimonio oculto
<input type="checkbox"/> B10-ES-Turismo mariñeiro	<input type="checkbox"/> B10-EN-Turismo mariñeiro		
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
		de	<input type="text"/>

Axencia Turismo de Galicia



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVIMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO VIII**Publicidade do cofinanciamento comunitario
TU403A-Subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios,
convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo
de reunións en Galicia**

Obrigas dos beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras no caso de que a actuación estea cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder):

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, número 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio da Xunta de Galicia, conforme o manual de identidade corporativa que estea vixente, e do Feder ao proxecto, que inclúa a imaxe institucional correspondente, a marca turística de Galicia, o logotipo do Xacobeo 2021, e mostre:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto.
- c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

O formato que se utiliza é o seguinte:

**XUNTA
DE GALICIA****Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**

Unha maneira de facer Europa

**Xacobeo 2021****galicia**

2. Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego:

i. Breve descrición no seu sitio da internet de que dispoña a entidade beneficiaria do proxecto desenvolvido ao abeiro da subvención concedida, dos obxectivos perseguidos e resultados acadados, en que se destaque o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do



Feder ao proxecto, que inclúa a imaxe institucional correspondente, a marca turística de Galicia, a referencia ao Xacobeo 2021, e mostre:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto.
- c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

d) Mención do obxectivo «Fomento dos congresos na Comunidade Autónoma de Galicia».

ii. Colocar, polo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), en que se mencionará o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, que inclúa a imaxe institucional correspondente, a marca turística de Galicia, a referencia ao Xacobeo 2021, e mostre:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto.
- c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».




d) Mención do obxectivo «Fomento dos congresos na Comunidade Autónoma de Galicia».

O cartel, elaborado con materiais que permitan certa perdurabilidade no tempo, deberá colocarse nun lugar visible para o público.



**ANEXO VIII
(continuación)**

Para os efectos do sinalado, poderase empregar o seguinte modelo tanto para a publicación en web como para a elaboración do cartel:

 XUNTA DE GALICIA	 <small>UNIÓN EUROPEA</small>	 Xacobeo 2021	
"TÍTULO DO PROXECTO"			
SUBVENCIONS A ENTIDADES ORGANIZADORAS DE CONGRESOS, SEMINARIOS, CONVENCIONS, INCENTIVOS OU CALQUERA OUTRO EVENTO RELATIVO AO TURISMO DE REUNIONS EN GALICIA			
Fomento dos congresos na Comunidade Autónoma de Galicia			
Operación cofinanciada pola Unión Europea a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)			
PROGRAMA OPERATIVO			
FEDER GALICIA		<i>Unha maneira de facer Europa</i>	
2014-2020			

